

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 24 DE MARZO DE 2017

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/1609/2015.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.- Conceder licenza para reestruturación de acceso a garaxe para instalación dun ascensor – plataforma elevadora en rúa Londres nº 5 – 7 – Bloque H Lisboa 3F – 3G, Atenas 4B – 4C.

LIC/753/2016.- ISABELLE MARIE PIERR Kerdudo.- Conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Cañoteira nº 37.

DESFAVORABLE.-

LIC/1479/2014.- MARIA LUÍSA SUÁREZ GONDAR.- Non admitir a trámite a solicitude de revisión de oficio instada contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 11 de setembro de 2015 para obras de rehabilitación da edificación sita en rúa de San Pedro nº 15 e rúa do Medio nº 59.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á concesión de licenza para a reestruturación de acceso a garaxe para instalación dun ascensor - plataforma elevadora en rúa Londres nº 5-7, Bloque H, Lisboa 3F-3G, Atenas 4B-4C. LIC/1609/2015. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á concesión de licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Cañoteira nº 37. LIC/753/2016. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa a non admitir a trámite a solicitude de revisión de oficio instada contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 11 de setembro de 2015 para obras de rehabilitación da edificación sita en rúa de San Pedro nº 15 e rúa do Medio nº 59. LIC/1479/2014. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da cesión da praza nº 41 do aparcamento Ponte Castro-A Rosa. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á estimación parcial do recurso de reposición interposto fronte ao acordo da sesión de 18.2.15, de pago de xuros na expropiación da edificación núm. 6 da Casa do Cabido na praza do Toural, e aprobación do gasto para o pago de xuros. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativo á execución da providencia do Xulgado Contencioso-Administrativo num.2 no proxecto de urbanización do polígono 5 de Fontiñas e rúas exteriores do PERI de Outeiro. Apróbase o gasto relativo a xuros de demora pola cantidade de 10.367,23 euros, a fin de completar o pagamento dos xuros relativos ao período comprendido entre maio de 2003 e xuño de 2005, que ascendían a un total de 165.556,85 euros.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación da memoria da XVII campaña municipal de animación á lectura "UNHA ÚLTIMA CARTA". Apróbase a memoria programática e orzamentaria para a campaña, que ten un orzamento estimado de 25.980,18 euros.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á solicitude unha subvención para o Plan concertado de servizos sociais comunitarios específicos (escolas infantís municipais) para o cumprimento da lei de sustentabilidade de Administración Local. Apróbase a solicitude de financiamento á Consellería de Política Social para as escolas infantís municipais de Conxo, Fontiñas e Salgueiriños. A achega solicitada é o 50% do custo total, isto é 364.922,39 euros. O outro 50 % serían de achega municipal.

11.- Proposta da área de Acción Social relativa á solicitude dunha subvención para o financiamento de servizos sociais comunitarios básicos para o ano 2017. Apróbase a solicitude de financiamento para Servizos Sociais Comunitarios Básicos por unha contía de 963.236 euros, sobre un orzamento total de 2-097.636,23 euros. De concederse, tería unha achega municipal de 1.134.400,23 euros, que supón unha porcentaxe do 54,08 por cento sobre o orzamento total do proxecto.

12.- Proposta da Alcaldía relativa á devolución da fianza constituída para responder do contrato de "Subministro de prendas de confección a medida, prendas para o auga, calzado e complementos de uniformidade (subdividido en catro lotes diferenciados pola súa natureza) para a policía local do Concello de Santiago de Compostela. Lote A". Apróbase a poposta.

13.- Proposta da Alcaldía relativa á devolución da fianza constituída para responder do contrato de "Servizo de mantemento e reparación dos pavimentos no ámbito da cidade histórica de Santiago de Compostela, excluído o recinto intramuros". Apróbase a poposta.

14.- Proposta da Alcaldía relativa á devolución da fianza constituída para responder do contrato de "Obras incluídas no proxecto básico e de execución de creación do campo da festa e pista polideportiva en Angrois". Apróbase a poposta.

URXENCIAS

1.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda sobre corrección de erro detectado no cadro relativo á modificación de RPT aprobada por acordo da Xunta de Goberno de 24/02/2017. Apróbase a poposta.

2.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación do "Seguro para cobertura de riscos patrimoniais, persoais e de responsabilidade civil derivada do uso de vehículos de motor que integran o parque móbil do Concello de Santiago". Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación establecéndose un tipo de licitación de 42.000 euros/ano, exento de IVE

3.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á reasignación de anualidades para o pagamento do servizo de conservación e mantemento do parque de Salgueiriños de Abaixo. Acórdase reasignar as anualidades, quedando a cantidade de 63.071,28 euros para 2016, e 21.023,76 euros para 2017.

4.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á corrección de acordo da Xunta de Goberno de 17 de marzo de 2017 relativo á autorización para o inicio dos trámites que concluirán coa cesión da titularidade da explotación en réxime de concesión do aparcamento subterráneo da Praza de Vigo. Apróbase a poposta.